


# Serra circular de mesa



Accede a esta ficha e descárgaa noutras linguas cooficiais e estranxeiras



## Antes de empregala máquina comproba que:

Dispón de carcasa de cubrición do disco, coitela divisora do corte, empurrador da peza, carcasa de protección das transmisións, interruptor eléctrico estanco con dispositivo de rearmamento e toma de terra.

A túa roupa non está esfarrapada ou solta, nin levas o cabelo ceibo, nin colgantes, pulseiras ou aneles.

Foron tirados tódolos cravos ou partes metálicas.

A alimentación eléctrica realízase con mangueras antihumidade e dotadas de caravillas estancas.

O disco elixido está en bo estado e é o axeitado ao material a cortar.

A máquina está limpa de lascas de madeira que poidan dar lugar ao bloqueo da carcasa.

A mesa está situada nun terreo firme e en zonas non empozadas.

Empréganse as chaves axeitadas para apertar e afrouxar os discos.

## En canto ao manexo:

Empregaa só se estás capacitado/a e autorizado/a.

Agarda a que o movemento de inercia do disco deixe de xirar antes de acceder á peza.

Observa que a madeira non teña nós.

Non sometas o disco a sobreesforzos.

Non a empregues baixo os efectos do alcol nin outras drogas.

Comproba que o disco está protexido durante o corte ca carcasa baixada.

Limpa a área de traballo con frecuencia para evitar caídas ou tropezos.

Verifica que non hai ninguén no radio de acción da máquina.

Utiliza o empurrador de pezas pequenas para manter as mans fora do alcance do disco.

Emprega os EPI necesarios, cando menos:



protección ocular



protección auditiva



luvas anti-corte



máscaras con filtro



calzado de seguridade

## Ao rematar o traballo:

Desenchúfaa da corrente cando non a esteas empregando.

Sitúa a máquina nunha área inaccesible a persoas alleas á obra.

Non toques o disco sen luvas tras finalizar os traballos.

Tódalas operacións de comprobación, axuste e mantemento deben realizarse por persoal cualificado e autorizado.

Para máis información en relación á verificación de maquinaria accede

